

O CELTISMO: MITO FUNDACIONAL DO GALEGUISMO

Marcelino Agís Villaverde

O coñecemento que posuímos do pasado no provén unicamente do discurso científico. Os mitos e lendas, que moi frecuentemente arraigan con máis fondura no inconsciente colectivo dos pobos, forman parte tamén da cosmovisión histórica e teñen un poder referencial que rivaliza coa historiografía científica. Hai tempo que os historiadores distinguiron entre a *historia recordada* ou memoria histórica, aludindo ao coñecemento do pasado que lembramos nós ou que herdamos do que nos contaron os devanceiros; a *memoria rescatada*, aqueloutra historia da que xa non quedan lembranzas e temos que reconstruír a partir de documentos; e a *historia imaxinada* que se crea a partir de elementos imaxinarios, lendarios ou míticos, que deforman ou adaptan os feitos acaecidos por razóns políticas ou ideolóxicas, ocultando os feitos da historia científica (Bermejo/Llinares, 1991, I, 22).

O verdadeiramente rechamante é que, ás veces, a historia imaxinada pode chegar a ter máis forza e estar máis presente na cultura popular que a propia historia científica. É o caso do mito do celtismo, construído en Galicia por razóns ideolóxicas para crear unha Historia patriótica e diferenciada de Galicia a partir do século XIX por historiadores como Manuel Murguía, entre outros, adepto ao galeguismo político e un dos pais do nacionalismo galego. Para Murguía, malia ser Galicia como o resto da Península Ibérica, un espazo xeográfico de hibridación cultural por onde pasaron moitos pobos de etnias diferenciadas, os caracteres da cultura e da “raza” celta, saliento expresamente o termo, foron tan importantes que lle deron a Galicia unha personalidade de seu. A idea non era nova pois poetas do Rexurdimento galego tiñan defendido nos seus versos este vínculo céltico desde unha perspectiva a medio camiño entre o idealismo e o romanticismo, que quedou inmortalizada na letra do himno galego, escrita por Eduardo Pondal, cando alude ao “confín dos verdes castros de nobre e valeroso chan”. Vaiamos paso a paso analizando como nace e como se consolida o celtismo como mito fundacional do galeguismo político e cultural.

Os celtas na Península: entre o mito e a realidade

Segue a ser unha cuestión debatida desde o punto de vista historiográfico a presenza dos celtas na Península Ibérica e, en Galicia, en particular.

Os historiadores actuais prefiren falar da cultura castrexa, a cultura dos habitantes dos castros, que se desenvolveu no período que vai desde finais da Idade do Bronce ata a romanización, pero sen establecer, como nas historias do século XIX, unha vinculación clara cos celtas. Os historiadores galegos da Xeración Nós, nomeadamente Florentino López Cuevillas, defenderon a tese de que a cultura castrexa é o froito da fusión entre a cultura autóctona coa cultura de pobos centro-europeos que se instaloron na Península Ibérica, dando lugar ao que Cuevillas chamou a “civilización céltica” (Cuevillas, 1953).

Outros arqueólogos e historiadores da época como francés Henri Hubert, no seu libro póstumo *Los Celtas y la expansión céltica hasta la época de la Tène* (1932), limitan moito a expansión céltica na Península Ibérica. Segundo este autor, atopamos tanto en Francia como na Península Ibérica moitos vasos campaniformes nos monumentos megalíticos “pero desde fai moitos anos -escribe- ningún cre que sexan obra dos celtas. Non temos, pois, ningún indicio arqueolóxico dos desprazamentos destes ao longo das costas occidentais de Europa, antes dun período relativamente avanzado da Idade do bronce” (Hubert, 195, 313). Téñase en conta ademais que a tradución española deste libro sobre os celtas, na editorial Cervantes de Barcelona, data do ano 1941, polo que as súas teses tiveron que ser coñecidas moi axiña en Galicia.

Con respecto á valoración actual da historiografía galega sobre a presenza da cultura céltica en Galicia, poden servir de exemplo as palabras do historiador galego Ramón Villares na súa *Historia de Galicia*, onde declara que

Na investigación actual, non obstante, hai unha tendencia a minimizar a vella singularidade desta cultura, privilexiando o aporte do Bronce, ou ben confundíndoa coa implantación romana, na que tería adquirido o seu máximo esplendor. En todo caso, ponse menor énfase na visión *invasionista* que caracterizaba a vella interpretación que, desde Murguía, colocaba na achega dos celtas o valor esencial da cultura castrexa, para analizar o fenómeno castrexo como unha cristalización dun longo proceso endógeno, procedente do Bronce Final, consistente na definitiva sedentarización da poboación. (Villares, 2004, 32).

Da mesma opinión son os historiadores da USC José Carlos Bermejo Barrera e José Manuel Vázquez Valera para os que “actualmente as teorías relacionadas coas invasións dos pobos para explicar os cambios nas poboacións prehistóricas carecen de prestixio nos centros de investigación onde se crea e se impón o saber no campo da arqueoloxía polo que se recorre

a explicacións moi distintas para minimizar o papel das emigracións” (Vázquez Varel/Bermejo, 1991, 85).

Non dubidamos da existencia desta cultura castrexa, que toma o nome do seu hábitat, o castro, lugares onde residían comunidades campesiñas que desenvolvían neste tipo de asentamento a súa vida cotiá. Outra cousa é relacionar a cultura castrexa cos celtas. Como salienta Villares, “a consideración de que a poboación antiga que habitaba os castros era de raza celta é unha tradición que, despois de ter sido hexemónica na literatura e na historia, remanece hoxe aínda a nivel popular. (...) O celtismo atinguíu tal fortuna historiográfica debido a que os historiadores románticos como Murguía e logo os poetas de inspiración épica como Pondal situaron aos celtas como principal mito fundador da nacionalidade galega” (Villares, 2004, 33-34). A devoción de Murguía pola tese céltica como orixe da cultura galega foi tan entusiasta como imprudente desde a perspectiva histórica, chegando a defender que a Idade de pedra en Galicia foi tan celta como a de bronce, mentres non haxa datos concluíntes en contra (Murguía, 1888, 94). A motivación non foi outra que a de construír sobre a base científica da historiografía a nación galega. Na súa *Historia de Galicia* de 1865 Murguía “considera a raza celta como o elemento central da definición da nación galega, converténdose así o celtismo e mais a súa dimensión racial a un alicerce máis mítico ca histórico” (Villares, 2004, 34).

En realidade, Murguía e os demais rexionalistas galegos do século XIX aproveitaban un mito, o do celtismo, que se tiña cociñado a lume moi lento ao longo da historia. Da antigüidade chéganos o nome de poboadores que en lingua grega chamaron *keltoi* e *galatai*, verbas que pasaron ao latín como *celtae* e *galli*, sendo o nome do espazo xeográfico que habitaban *Keltiké*, *Galatia* ou Gallia. Un espazo que se estendía desde os Países Baixos, Francia, a parte setentrional de Suíza e o norte de Italia, así como algúns territorios da Península Ibérica. A primeira noticias foron construcións míticas nas que se relacionaba as poboacións celtas con heroes da mitoloxía grega. Este discurso lendario é tan resistente que chega a través da cultura popular ata os nosos días, aínda que xa non se crea nel. Deste xeito o que un día foi considerado un discurso serio hoxe é obxecto de burla e pasa a formar parte do cómico. Aos pontevedreses chamámoslle os “fundotes” porque nun dos pilares da casa consistorial figura escrita en pedra a lenda:

Fvundote Tevcro valiente
de aqveste río a la orilla
para que en España fveses
de villas la maravilla.

A tese da fundación da cidade por Teucro, un dos heroes da Guerra de Troia probablemente de época renacentista, foi desbotada polos rexionalistas do século XIX e substituída pola orixe celta as nosas principais vilas e cidades. No caso de Pontevedra, Murguía lanza a hipótese, sen ningún apoio arqueolóxico ou histórico, de que a orixe da cidade son dous castros celtas onde estarían actualmente a basílica de Santa María e o Convento de San Francisco. Hoxe ironízase sobre o mito pero estas informacións foron consideradas científicas polos primeiros historiadores gregos como Polibio (II a. C.) ou Posidonio (II-I a. C.) que nos falan dos pobos celtas na Galia e en Hispania durante a época da expansión romana. Durante a conquista da Galia por César e posterior romanización, foron historiadores romanos como Diodoro, Estrabón, Tácito, Plinio ou Pomponio Mela, os que nos informan da vida e costumes destes pobos considerados celtas. Daquela engadíronse a información dos primeiros contactos con estes pobos considerados célticos a raíz de enfrontamentos bélicos, o que lle deu un carácter belicoso e violento. Unha información que se reiterou nos séculos seguintes ata converterse nun estereotipo que non se cuestionou desde a perspectiva historiográfica (Pereira, 2017, 24-25). Foi un mal comezo desde a perspectiva científica que influíu moito na creación do mito do celtismo. Comezou o medievo con dúas obras que aludían aos celtas e aos galos ao referir a historia grega e romana, aínda que de forma moi breve: a *Cónica* de Eusebio de Cesarea (III-IV) e a *Historia adversum paganos* de Paulo Orosio (IV-V). Os celtas volvían presentarse como xente belicosa e pouco civilizada, reiterando un dos tópicos herdados da antigüidade. Tivo, porén, un maior relevo para o desenvolvemento do mito do celtismo na Idade Media a achega do historiador xudeu Flavio Xosefo (s. I), creador dunha xenealoxía bíblica para os galos co ánimo de amosar como todos os pobos da terra descendían de Noé e a súa familia, superviventes do Diluvio Universal. O personaxe elixido como antecesor dos celtas foi Gomer, fillo de Iafet e neto de Noé. Unha xenealoxía que logo foi aceptada por todos os escritores cristiáns e difundida practicamente sen retoques ata o século XIX, algo que contribuíu a consolidar a presenza dos celtas no imaxinario histórico europeo (Pereira, 2017, 31-32).

O Renacemento dos século XV e XVI amosou un dobre interese pola historia: primeiro, historiográfico, ao valorar a necesidade de coñecer o pasado, mesmo o prehistórico; e, segundo, filosófico, ao considerar que todo o realizado pola humanidade no pasado era importante para comprender o presente. Agora ben, non sería ata a época moderna, sobre todo os

séculos XVII e XVIII, cando agroman os ingredientes arredor dos celtas que darán lugar ao mito do celtismo. En primeiro lugar, porque na época moderna espérase un enorme interese polos druidas dos galos e britanos, considerados sacerdotes e homes sabios da cultura céltica. Unha figura a medio camiño entre a realidade histórica e as construcións imaxinarias e ideolóxicas. O druída non é exactamente un sacerdote, senón que pode ser considerado tamén un mago, bruxos ou feiticeiro, encarnado por un home ou unha muller, e que representa a autoridade espiritual, relixiosa e mesmo política do mundo celta. Unha figura que volve interesarse con forza no Romanticismo, cando Murguía adapta a Galicia o mito do celtismo e que terá un enorme protagonismo na literatura galega do século XX da man de Álvaro Cunqueiro, escritor de imaxinación desbordante que sitúa a mago Merlín como protagonista da súa novela *Merlín e familia* de 1955, mostra dunha literatura fantástica de raíz galega. E iso, malia non ter noticias da presenza druídica na Península Ibérica.

No século XVIII vai cambiar o coñecemento que temos da cultura céltica porque ademais da información herdada as fontes clásicas da antigüidade, realízase unha investigación arqueolóxica e lingüística con espírito científico, aínda que os seus resultados sexan discutibles. Destaca, por exemplo, a principios de século a obra do monxe bretón Paul Pezron titulada *L'Antiquité de la Nation, et de la Langue des Celtes, autrement appelez Gaulois* de 1703. Aínda que volve presentar aos celtas como descendentes de Gomer, o neto de Noe, defende a tese de que unha parte moi importante do seu legado está agochado na lingua e nas tradicións da Baixa Bretaña. Este interese pola lingua, unido ao labor arqueolóxico que foron achegando testemuños materiais do pasado contribuíron a construír o mito do celtismo que agromaría con forza no século seguinte. Non só a Bretaña francesa senón tamén Gales e Escocia aceptaron a idea de que os celtas constituían o elemento principal das súas respectivas historias nacionais e que a poboación actual descendía deles (Pereira, 2017, 40). O que espertou o desenvolvemento dos estudos históricos, antropolóxicos e lingüísticos. En Escocia, en particular, naceu tamén unha pescuda das orixes literarias da tradición céltica a raíz dunha descuberta excepcional: “os supostos poemas de Ossian, un imaxinario bardo celta do século III, foi o impulso inicial que provocou un interese polos devanceiros celtas e polos seus descendentes actuais que conservaran a lingua e as tradicións gaélicas”. (Pereira, 2017, 43). As dúbidas sobre a súa autenticidade non foron quen de coutar o celtismo en boa parte de Europa que herdou o romanticismo.

Na Galicia do século XVIII o celtismo foi tratado, entre outros, por Frei Martín Sarmiento. Ocupase do tema na súa obra *Memorias para la Historia dela Poesía, y poetas españoles*, publicada co carácter póstumo en 1775 pero escrita entre 1741 e 1745, onde busca as orixes da poesía en España, deténdose no pasado celta da Península por considerar que puideron ter unha tradición poética expresada na súa lingua polos denominados bardos. Alí establece existencia de varias xeracións de celtas chegados a Galicia en distintas época históricas e a través de distintas vías migratorias¹. Dedicamos un amplo espazo ao asunto na súa *Obra de 660 pliegos* e outros tratamentos esporádicos, sempre coa motivación de valorar axeitadamente a pegada dos celtas na historia de Galicia. Sarmiento defende a tese que que os celtas chegaron a Galicia procedentes do norte de Europa². O Padre Sarmiento defende mediante unha curiosa análise lingüístico-histórica de palabras como o nome da illa de Sálvora que existiron distintas xeracións de celtas en Galicia que chegaron tanto por terra como por mar. “A illa de Sálvora -dinos- era illa dos celtas en Galicia: ese nome non llelo puxeron os celtas suevos do século V, nin os celtas e turdetanos (pois eses so transmigraron por terra) logo puxéronllo outros celtas máis anteriores, que do norte transmigraron a Galicia por mar” (Sarmiento, 2008, 293, § 5698). Esta hipótese fai que Sarmiento recomende a vía filolóxica para seguir pescudando no pasado celta de Galicia, sen importan que as linguas celtas se teñan perdido pois conservamos na súa opinión moitas voces destas linguas nas linguas vivas do norte de Europa.

Asentadas as tres transmigracións dos celtas en Galicia – a dos celtas britanos por mar; a dos celtas galos, co pegote dos turdetanos, por terra, de sur a norte; e tamén por terra a dos celtas suevos (e á cal, en tempo

¹ “69. De los celtas no es menor la certeza que hay en los Autores antiguos que hablan de España, y con singularidad en Estrabon, Plinio, apiano, &c. (...) El hecho es que entrando por la tierra de Aragon, unos se quedaron allí, y mezclados con los Iberos primitivos, y extendiéndose ácia las vecindades, dieron nombre á la Celtiberia tan famosa. 70. Otros celtas camnaros más al mediodía, y doblando ácia Portugal, se vinieron extendiendo de Medidia al Norte, hasta parar en el Cabo de *Finis Terrae*, en Galicia; y en donde, ya separados, ya mezclados con los Gallegos primitivos, hicieron allí término de su tasmigración. (Sarmiento, 1775, 28)

² “Fundome en la corta distancia que hay por mar desde Inglaterra y la Bretaña menor a Galicia y a toda la costa marítima boreal de España. Y siendo indisputable que había celtas con sus sacerdotes (los druidas) y con sus poetas (los bardos) en Alemania, Inglaterra y Francia, de todos esos países transmigrarían a España los celtas” (Sarmiento, 2008, 292, § 5694)

de Leovixildo, seguiu-se en Galicia a introdución dos godos, que nalgún modo eran tamén celtas) – ábrese un espazoso campo para discorrer e conxectar con algún fundamento de crítica, analoxía e combinatoria, sobre a etimoloxía das voces galegas. Non importa que as tres linguas célticas e a gótica perdéronse, pois se conservan hoxe moitísimas voces delas nas linguas vivas do Norte (Sarmiento, 2008, 293, § 5700).

Non é difícil concluír que, para Sarmiento, o pasado céltico foi predominante na historia de Galicia. Deste xeito, o interese polos celtas e o mito do celtismo como raíz identitaria da poboación galega, lonxe de esmorecer no século XVIII, foi gañando adeptos. Un mito que foi coidadosamente encuberto durante o século XIX coas novas disciplinas científicas encargadas de estudar as orixes prehistóricas dos pobos europeos. “A consecuencia máis importante foi a elaboración, grazas as achegas da arqueoloxía, e da lingüística, da moderna concepción dos celtas como un pobo xurdido na Idade do Ferro que falaba un conxunto de linguas emparentadas entre si pertencentes á familia indoeuropea ao mesmo tempo novas realidades sociais e políticas crearon necesidades ideolóxicas que o celtismo puido en parte cubrir: principalmente o seu uso como argumento lexitimador por determinados movementos particularistas e nacionalistas” (Pereira, 2017, 46). Algo que nos sitúa diante da figura de Manuel Murguía, un dos primeiros autores en construír os alicerces de Galicia como nación sobre a base dunha historia diferenciada e decote ignorada.

O celtismo: mito fundador da nación en Murguía

A historia é para Murguía o camiño para reivindicar a dignidade dun pobo cuxo pasado non só é descoñecido senón que foi negado ou confundido na néboa da historia xeral de España. “Como todos os pobos desherdados -escribe Murguía- trata o noso de rexenerarse nas inmortais augas da historia. Quere sacar do coñecemento do pasado as forzas e a luz necesarias para entrar resoltamente polas sendas a que lle chaman a un tempo as novas correntes do progreso humano e as novas necesidades que a fustrigan. É nesta terra bendicida , onde por segunda vez se dá en Europa o exemplo dunha nacionalidade descoñecida e negada que, querendo rehabilitarse, acode para iso ao coñecemento do seu pasado” (Murguía, 1886, XXVI-XXVII). Toda a *Historia de Galicia* é a fonte onde podemos recoñecer o aspecto diferencial da nosa terra fronte a outras comunidades e nacións (Agís, 2020, 138-139). Pero, en particular, este carácter diferencial débese na súa opinión á pegada da cultura céltica, tan forte que nin sequera a

romanización nin as demais culturas que chegaron despois ao solo galaico foron quen de borrar de todo. Para Murguía, a antiga raza celta non está “nin morta, nin esquecida, nin de todo vencida, antes viva e pronta ao novo triunfo, informa a sociedade moderna, infiltralle a súa seiva, e dándolle aquel vigor propio dos homes da súa raza, fai que todo converxa nun punto e tenda a reconstruír aquel poderoso imperio céltico” (Murguía, 1985, I, 108). Como se pode apreciar neste breve extracto, o autor constrúe a través dunha prosa grandilocuente unha xesta histórica grandiosa arredor dos celtas pois, segundo el, todo o que somos debémollos aos celtas: “Os nomes dos lugares, os dos ríos, montes, cotarelos, canto entre nós ten unha significación e algo vale para os homes e para a historia, a eles pertence por dereito de primoxenitura” (Murguía, 1985, I, 110). Incluso o noso carácter ou idiosincrasia debémollos a eles, subliñando Murguía a inclinación poética dos galegos: “A preponderancia da raza céltica en Galicia é un feito evidente: de aquí que a poesía e a arte -expresión a máis viva das tendencias, inclinacións e sentimentos do pobos- sexa doce, triste e melancólica, e en tal grao que ningunha outra en España a avanta” (Murguía, 1865, I 214-215). Tamén o sentimento relixioso que se reflicte en multitude de costumes e tradición provén da raza “celto-ariana” (Murguía, 1861, I, 225).

Agora ben, máis ca unha herdanza cultural predominante sobre as demais, o legado celta é fundamentalmente étnico. Esta epopea ou mito céltico está construído sobre a raza, un legado imposible de negar ou confundir, segundo Murguía, porque foi connosco ao longo no noso devir histórico. Son moitas as pasaxes onde aparece enxalzado esta achega dos celtas na construción do pobo Galego. Para el, “a raza á que pertence, o medio no que se move o noso pobo, os sucesos que aquí tiveron lugar, nunha palabra, os múltiples e poderosos axentes que inflúen na marcha histórica desta pequena nacionalidade, explican a índole da nosa primitiva civilización, o seu desenvolvemento posterior e carácter progresivo. (...) cómpre, repetimos, deixar consignado dunha vez para sempre que a base étnica de Galicia é céltica, e que as condicións especiais nas que se desenvolveu como organismo social permitiron e aínda obrigaron a permanecer fiel ao espírito e tendencias da súa raza” (Murguía, 1985, I, 113).

O pobo galego está ligado aos celtas, en opinión de Murguía, pola linguaxe, a relixión, a arte e a raza. Realiza unha detallada demostración ao longo de máis dun cento de páxinas no seu libro *Galicia*. Unha raza que vincula á “nobilísima familia ariana” e que chegou ata nós grazas aos celtas franceses,

separados da Iberia pola cordilleira pirenaica. A nosa débeda con eles é tan grande que lle atribúe mesmo o nome co que se coñece o noso territorio pois, segundo Murguía, o nome foi imposto polos romanos por consideraren a voz “*Galletia*” un diminutivo de Galia ou máis exactamente unha “pequena Galia” (Murguía, 1985, I, 118).

¿Que entende Murguía por raza? A vulgar polas afirmación de Murguía é seguro que tería lido o libro de Arthur de Gobineau *Essai sur l'inégalité des races humaines* (1853-55), pai do denominado “racismo científico” e defensor da superioridade da raza aria, así como a outros teóricos da época. Para este autor, as civilizacións máis antigas e puras serían o froito das migracións da raza aria, en serio risco de desaparición pola mestizaxe co sangue das razas nativas. Gobineau dedica o capítulo XVI do tomo primeiro a explicar o porqué da superioridade do tipo branco e dentro deste tipo da familia aria³ (Goibenau, 1853, 195 e ss.). Algúns parágrafos de Murguía semellan deixan translucir unha clara influencia do teórico do racismo francés. Así na súa *Historia de Galicia* escribe:

O pobo galego leva aínda impreso no rostro os sinais inequívocos da raza á que pertence (...). Ben é verdade que non soubemos conservar a nosa raza ao abrigo de toda irrupción, e que a cada paso vemos como o colono romano mestúrase e confúndese cos homes de orixe céltica (...). Predominou a raza superior dese cruzamento ... as razas superiores que viñeron a substituílas ... piden unha extensa poboación ariana, branca, superior, para dar fructuosamente os primeiros pasos no camiño da civilización (Murguía, 1865, I, 140).

Segundo Murguía, a raza celta tiña, alén dos aspectos culturais e espirituais, uns caracteres físicos ben definidos: “cabeza máis redonda que oval, faccións redondeadas e mediana estatura, a nariz non ven recta desde a fronte como na raza árabe, senón que a separa unha depresión” (Murguía, 1865, I, 215-216). Laiase Murguía de que non soubéramos preservar a pureza da raza, permitindo a mestizaxe cos colonos romanos, entre outras razóns porque o camiño da civilización veu da man das razas superiores arias e brancas, como a celta. Este racismo é aínda máis exacerbado cando compara a raza aria coa raza negra:

³ Titúlase: “Récapitulation ; caractères respectifs des trois grandes races ; effets sociaux des mélanges ; supériorité du type blanc et, dans ce type, de la famille ariane” (Arthur de Gobineau, *Essai sur l'inégalité des races humaines*, (1853-1855) Livre I, chapitre XVI).

Así non se poderá dicir nunca que o estado primeiro nas razas inferiores é igual ao das superiores. Viven as primeiras nun estado primitivo permanente, mentres as últimas, apenas o coñecen cando xa se desprenderon das súas cadeas. Hai máis: o ario nos seus comezos é superior ao negro en todo o esplendor da súa civilización posible. Non é por tanto bo método científico ir buscar nos pobos salvaxes, pero que dentro de si mesmos chegaron ao summum dos coñecementos, o que mellor se atopa no home solitario e ignorante das razas europeas, o cal, aínda vivindo vida intelectual rudimentaria, preséntase con todo aos nosos ollos superior en todo ao que supoñen o seu equivalente (Murguía, 1985, I, 141).

E, quizais o que aínda é máis preocupante, levado por este entusiasmo patriótico, Manuel Murguía, home pacífico ao longo de toda a súa vida, chega a defender na súa obra *El Regionalismo*, a guerra se se trata de defender a patria ou a raza: “A historia fainos odiar a guerra (...) pero ensínanos tamén que se algunha guerra é santa, é unicamente a que se fai por defender a independencia da patria ou a preponderancia da raza á que se pertence” (Murguía, 2000, 33-34).

Nunha época como a nosa, onde o concepto de raza foi substituído polo de etnia, este tipo de argumentos en defensa da “raza” renxe nos nosos oídos e trae a nosa acordanza a xenofobia que estivo detrás das atrocidades do totalitarismo nazi e outras semellantes das que fomos testemuñas. O pai da Antropoloxía estrutural, Claude Lévi-Strauss botou por terra no ano 1952, nun breve traballo titulado “Raza e Historia”, encargado pola UNESCO, as teorías pretendidamente científicas da superioridade dos brancos sobre outros seres humanos con outra cor de pel. Volvería a profundar no asunto dúas décadas despois, tamén a petición da UNESCO, coa publicación do estudo “Raza e cultura” (1974). Lévi-Strauss deixaba claro, moito antes de que se promovese o proxecto “xenoma humano” na fronteira do terceiro milenio, que os seres humanos eran iguais, biolóxicos e culturalmente, sendo a raza ao igual que a etnia un concepto cultural máis que biolóxico. Aquí batemos co problema de vulgar o pasado cos ollos do presente. Por unha banda, non se pode negar o racismo expresado por Murguía nos textos anteriores; pola outra, é delicado vulgar o pasado coas categorías do presente, máximo cando median descubertas científicas ou experiencias históricas que non estaban ao alcance dos homes do século XIX. Tendo en conta estes atenuantes historiográficos, algún historiador galego contemporáneo como chegou xustificar o racismo de Murguía. Así por exemplo o profesor Beramendi escribe que “a raza ocupa para Murguía o

primeiro lugar no que se refire a xénese e conservación da nacionalidade. Pero isto non debe escandalizarnos. O seu ‘racismo’, ou mellor, o seu celtismo é puramente teórico. É dicir, utilízao só para fundamentar con solidez, ‘cientificamente’ segundo os baremos dominantes no século XIX, a irredutibilidade da nación galega” (G. Beramendi, 1985, XI). Non moitos intelectuais subscribirían este tipo de xustificacións, eu entre eles.

Podemos comprender os motivos polos que Murguía enxalza a raza celta co obxectivo de construír a personalidade diferenciada de Galicia, máis por unha razón ideolóxica ou política que científica, mais o seus racismo hoxe é indefendible. Non descoñezo que foi herdeiro do concepto prerromántico de *Volksgeist*, presente nas obras de Fichte ou Herder e que, ata certo punto, limitase a demostrar que esta tese é aplicable ao caso galego. Lembremos que, segundo Herder, “Posto que o home nace dunha raza e dentro dela, a súa cultura, educación e mentalidade teñen carácter xenético. De aí eses caracteres nacionais tan peculiares e tan profundamente impresos nos pobos máis antigos que se perfilan tan inequivocamente en toda a súa actuación sobre a terra. Así como a fonte enriquecese cos compoñentes, forzas activas e sabor propios do chan de onde brotou, así tamén o carácter dos pobos antigos orixinouse dos trazos raciais, a rexión que habitaban, o sistema de vida adoptado e a educación, como tamén das ocupacións preferidas e as fazañas da súa temperá historia que lle eran propias” (Herder, 1784-91, 555).

Esta formulación que ten como aspecto central o mito do celtismo como raíz diferencial do pobo galego vai ser asumida non só por Manuel Murguía senón por outros intelectuais do seu tempo como o tamén historiador Benito Vicetto (A Coruña, 1824-1878), autor dunha *Historia de Galicia* en sete tomos, publicada no ano 1865; o historiador e xornalista compostelán José Verea y Aguiar (Santiago de Compostela, 1775, 1849), autor dunha *Historia de Galicia* publicada en 1838 e iniciador do celtismo, en opinión do historiador Justo González Beramendi (G. Beramendi, 1985, VII); historiador, periodista y poeta Leopoldo Martínez Padín (Tui, 1823-Madrid, 1850), autor dunha *Historia política, relixiosa e descritiva de Galicia*, publicada en 1849; ou o pai do provincialismo Antolín Faraldo (Betanzos, 1822-Granada, 1853).

Todos eles comparten a mesma idea romántica de construír unha xenealoxía do pobo galego enraizada nas súas orixes celtas seguindo a tese de Paul-Yves Pezron (1639-1706), quen na súa obra *L'antiquité de la nation et la langue celtes* (1703), defendera que a grandeza dunha nación

dependía en boa medida da antigüidade da súa orixe histórica. O celtismo encarna, como temos visto, dous obxectivos: un histórico, ao establecer que os celtas foron a orixe do pobo galego, logo dunha minuciosa análise da historia, costumes, lingua, crenzas relixiosas, etc.; e outro político ao xustificar un aspecto diferencial de orixe, inscrito nos caracteres da raza celta, que xustificaban a creación dunha nación diferenciada. Unha raza, como temos salientado, semellante de outros pobos celtas europeos que considera superior a outras razas peninsulares.

Tal como ten sinalado Alfredo Iglesias Diéguez, un dos biógrafos de Murguía, “o racismo, que está presente na obra de Murguía, ten diversas procedencias (biolóxica, cultural e ideolóxica) pero cumpre unha mesma función: vertebrar ó redor da raza celta tanto o pasado glorioso da Nación de Breogán, a mítica idade de ouro celta, coma o futuro, marcado pola supremacía racial da nosa propia comunidade biolóxica europea (os celtas ou arios), que achega aos galegos á contemporaneidade cos pobos verdadeiramente modernos de Europa. Murguía entrelaza a través da raza e da etnia o pasado glorioso, a rexeneración do presente e a esperanza no futuro” (Iglesias, 2001, 281). Ramón Maiz expresará esta mesma unión indisoluble de raza e nación en Murguía no seu ensaio sobre a *Idea de nación* cando afirma que para Manuel Murguía “a historia da Nación de Breogán’ é antes de nada a historia da raza galega” (Maiz, 1997, 194).

Outro dos biógrafos e bo coñecedores de Murguía, o profesor Henrique Rabuñal, ten sinalado que “procedermos dunha raza superior é garantía do noso éxito futuro pois Murguía e partícipe dun certo providencialismo que presupón que o mundo camiña a cumprir os seus destinos ao tempo que substenta unha comunidade esencial, un ‘misterioso eslabonamiento’ que liga pasado e presente e que supón a vixencia ao longo do tempo desa nación fundamentada racialmente” (Rabuñal, 37).

Conclusión

O ata aquí presentado permite afirmar que este mito do celtismo, construído moito antes de que a historia científica contemporánea teña situado a presenza dos celtas en Galicia nos seus xustos termos, serviu como principio lexitimador da orixe diferencial de Galicia verbo doutros pobos da Península Ibérica e como xustificación da súa lexítima aspiración a ser unha nación diferenciada entre as demais nacións europeas. Foron moitos os autores que sobre todo por influencia do ideal-romanticismo creron nesta causa orixinada polo mito do celtismo. Mais probablemente ninguén a defendeu con tanta forza e a levou tan lonxe como Manuel Murguía.

O mito do celtismo permítelle a Murguía: Defender a identidade diferenciada do pobo galego con respecto a outros pobos peninsulares; Vincularnos a outros pobos europeos que posúen estas mesmas raíces celta: a Bretaña francesa, Escocia, Irlanda, Portugal, etc.; Diferenciarnos da raza e identidade de Castela; Dotarnos dun carácter ou idiosincrasia particular, herdado dos sinais identitarios inscritos na raza céltica; Liberarnos dun asoballamento histórico por parte das forzas que desde a época do Imperio romano ata a época moderna negaron a identidade diferencial de Galicia.

Todos estes aspectos son os que configuran ao celtismo como mito fundacional do galeguismo político no século XIX, sendo un dos seus teóricos máis combativos o historiador e escritor Manuel Murguía, pai da doutrina nacionalista galega. Un pensamento que expresou botando man da historia como principal aliada, facendo que o pasado histórico coincidise cunha orixe nobre e lendaria, que quixo converter en verdade científica.

Un home que tivo unha longa vida e que desempeñou un destacado papel social e cultural no contexto do rexionalismo galego, e en institucións tan importantes como o Arquivo do Reino de Galicia, do que foi nomeado arquivista xefe en 1870; presidente da Asociación Rexionalista Galega (1890); ou a Real Academia Galega, que contribuíu a fundar e da que foi o seu primeiro presidente desde 1906 ata a súa morte en 1923. Xosé Ramón Barreiro, tamén historiador e presidente da Real Academia Galega, autor dunha extensa biografía sobre Murguía definiuno como “primeiro construtor da nación”, aclarando que “el foi o primeiro nacionalista galego, aínda que tal denominación non se empregase ata as Irmandades da Fala. Baixo a denominación de provincialista, de rexionalista ou de galeguista, agochábase o nacionalista, xa que por algo foi el quen creou a teoría do feito nacional galego. E nesa fe viviu e morreu” (Barreiro, 2012, 24).

Referencias bibliográficas

- Agís Villaverde, M. (2020) Manuel Murguía, en Agís Villaverde, M. *Crónica viva do pensamento galego*, Vigo: Galaxia 2ª ed., pp. 135-141.
- Barreiro Fernández, X. R. (2012) *Murguía*, Vigo: Galaxia.
- Bermejo Barrera, J. C., Llinares García, Mª del C. (1991) Los antepasados imaginarios, en Mato, A. (1991) *Historia de Galicia, vol. 1: De la Prehistoria la Alta Edad Media*, Vigo: Faro de Vigo, pp. 21-40.
- Goibaneu, A. de (1853) *Essai sur l'inégalité des races humaines*, Paris: Librairie de Firmin Didot Frères.
- González Beramendi, J. (1985) Noticia de don Manuel Murguía, en Murguía, M. *Galicia*, Biblioteca de Autores Gallegos, Santiago de Compostela: Sálvora, tomo 1.

- Iglesias Diéguez, A. (2001) Manuel Murguía : ideólogo do celtismo, en *Congreso sobre Manuel Murguía. Actas das Xornadas realizadas pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Arteixo, os días 25, 26 e 27 de maio de 2000*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Herder, J. G. (1784-91) *Ideas para una Filosofía de la Historia de la Humanidad*, en Artola, Miguel (1982). *Textos fundamentales para la Historia* (7ª ed.). Madrid: Alianza Universidad.
- Hubert, H. (1941) *Los Celtas y la expansión céltica hasta la época de la Tène*, Barcelona: Ed. Cervantes.
- López Cuevillas, F. (1953) *La civilización céltica en Galicia*, Santiago de Compostela: Porto y C.ía Editores, 1953.
- Maiz, R. (1997) *A Idea de nación*, Vigo: Xerais.
- Murguía, M. (1865) *Historia de Galicia*, tomo I, Lugo: Umpronta de Soto Freire Editor.
- Murguía, M. (1886) *Historia de Galicia*, tomo III, A Coruña: Impr. A. Martínez Salazar.
- Murguía, M. (1888) *Galicia*, Barcelona: Ed. Daniel Cortezo y C.ª.
- Murguía, M. (1985) *Galicia*, Obra Completa, tomo I, Biblioteca de Autores Gallegos, Santiago de Compostela: Sálvora.
- Murguía, M. (2000) *El Regionalismo*, Santiago de Compostela: Follas Novas.
- Pereira González, F. (2017) *Nas orixes do celtismo galego. Os celtas na historiografía dos séculos XVII e XVIII*, A Coruña: Edición do autor.
- Rabuñal Corgo, H. (1999) *Manuel Murguía*, Santiago de Compostela: Laivento.
- Sarmiento, M. (1775) *Memorias para la Historia dela Poesía, y poetas españoles*, en *Obras Póstumas*, t. I, Madrid: Monasterio de San Martín de Madrid (Jochin Ibarra Impresor). Disponible en: <http://hdl.handle.net/10347/7204> .
- Sarmiento, M. (2008) *Obra de 660 pliegos de Historia Natural y de todo género de erudición*, Vol. IV (Ed. H. Monteagudo), Santiago de Compostela/Madrid: Consello da Cultura Galega/CSIC.
- Villares Paz, R. (2004) *Historia de Galicia*, Vigo: Galaxia.